

Concello de Mondariz

Expediente núm.: 387/2018

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: Procedemento de Contratación

Interesado:

Data de iniciación: 15/05/2018

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Á vista dos seguintes antecedentes:

- A Xunta de Goberno Local da Deputación de Pontevedra en sesión ordinaria de 28 de xullo de 2017 adoptou un acordó polo que se concede unha subvención ó concello de Mondariz ó abeiro das bases reguladoras das subvencións convocadas para consolidar o Plan Revitaliza da deputación de Pontevedra (LIÑA 2) por importe de 306.030,10 €, destinada a adquisición dos COIN e CCC necesarios para a posta en marcha do novo sistema baseado na compostaxe, así como dos materiais complementarios para o seu bo funcionamento, e que supoñen o financiamento do 89,56 % do importe total do investimento.
- Respecto do presente investimento foi aprobada modificación orzamentaria nº 37/2018 correspondente á transferencia de crédito 04/2018, ascendendo dita modificación a un importe total de 13.453,47 € para cubrir a aportación municipal da subvención 2018 do Plan Revitaliza, por Decreto nº 567 de 25 de novembro de 2018.

Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

MÁQUINA TRITURADORA CON REMOLQUE CON CARGO AS SUBVENCIONES PARA A CONSOLIDACIÓN DO PLAN REVITALIZA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA				
Procedemento: aberto		Tramitación: ordinaria		Tipo de contrato: suministro
Clasificación CPV: 42996100-5	Accepta renovación: Non	Revisión de prezos / fórmula: Non		Accepta variantes: Non
Orzamento base de licitación (sin IVE): 39.000,00 €		Impostos: 8.190,00€	Total: 47.190,00 €	
Valor estimado do contrato: 39.000,00 euros				
prazo execución:	Entrega no prazo de 90 días		En todo caso, antes do día 01/03/2019 (prazo máximo de instalación dos subministros).	
Garantía provisional: Non		Garantía definitiva: 5%	Garantía complementaria: Non	

Visto informe de Intervención asinado o 27 de novembro respecto do órgano competente para levar a cabo a contratación obxecto deste expediente.

Visto informe de Secretaría sobre a lexislación aplicable así como o procedemento a seguir respecto da presente contratación asinado en data 27 de novembro de 2018.

Á vista da Resolución iniciando o expediente de 30 de novembro, e tendo en conta que os pregos de cláusulas administrativas particulares e os de prescricións técnicas foron redactados polo servizo de asistencia a municipios da Deputación Provincial de Pontevedra que deben rexer o contrato e o proceso de adxudicación,

Visto que pola Intervención se ten certificado a existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar o gasto que comporta a celebración do contrato e informado sobre a



Concello de Mondariz

fiscalización previa ou crítica do gasto en data 30 de novembro de 2018.

Examinada a documentación que a acompaña, visto o informe-proposta de Secretaría, e de conformidade coa delegación de competencias acordada polo pleno en sesión extraordinaria de 12 de decembro de 2017 e coa Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transponen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014,

RESOLVO

PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, tramitación ordinaria para a execución do suministro “MÁQUINA TRITURADORA CON REMOLQUE CON CARGO AS SUBVENCIONS PARA A CONSOLIDACIÓN DO PLAN REVITALIZA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”, convocando a súa licitación.

SEGUNDO. Aprobar o gasto correspondente por importe de 47.190,00 € e con cargo á aplicación orzamentaria **1621.6230790**

A presente contratación conta coa participación da Deputación Provincial de Pontevedra con cargo á subvención concedida mediante acordo de 28 de xullo de 2017 ó abeiro das bases reguladoras das subvencións convocadas para consolidar o Plan Revitaliza da deputación de Pontevedra (LIÑA 2)”, e que supón o financiamento do 89,56 % do importe total do investimento.

TERCEIRO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e o prego de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.

CUARTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

QUINTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

SEXTO. Designar os membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:

Presidente	Dº Diego Lugilde López. Funcionario do Concello de Mondariz
Vogais	Dª Yolanda Ortega Otero. Secretaria-Interventora do Concello de Mondariz.
Secretario	Dº María del Carmen Blanco Fernández. Funcionaria do Concello de Mondariz.

SÉTIMO. Solicitar ó departamento de asistencia a municipios da deputación de Pontevedra a designación dun experto que poida asesorar e informar á mesa de Contratación para valorar os criterios cuxa ponderación dependa dun xuízo de valor e publicar o seu nomeamento no perfil de contratante.

En Mondariz a 30 de novembro de 2018.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

